

# O OFICIO DAS POLBEIRAS: PROPOSTAS DIDÁCTICAS




# TESOUROS VIVOS NO CAMIÑO DE INVERNO//

## ANA E O POLBO Á FEIRA NA BANDEIRA



**Visualizade este vídeo.**

Ana López é a quinta xeración de polbeiras, vidas do Carballiño e asentadas en **Chapa (Silleda)**. Ana falounos de toda unha vida adicada a este tradicional oficio, a vida dunha **polbeira indo de feira en feira**. Feiras como a da Bandeira, á que nunca faltou, e é testemuña do pasar do tempo a través deste importante acontecemento que cada 14 e 29 de mes marca a dinámica da vila.



**QUEN GARDA  
SEMPRE TEN**



**Coma o de secar o polbo, nos tempos nos que non había conxeladores nin envasadoras ao baleiro, as nosas antepasadas enxeñábanse para tratar de conservar os alimentos sen que se estragasen: salazóns, embutidos, curados, conservas, salmoiras, afumados etc. Un amplo repertorio de técnicas e receitas para o dito fin.**



**Preguntádelle** á familia e veciñanza (normalmente a xente máis vella é quen sabe máis destas cousas) por técnicas e receitas para a conservación de alimentos.



Coas receitas recollidas podedes **elaborar un** **receptario en liña** para libre disposición deste. Tamén o podedes editar e vender a cambio de achegas para o banco de alimentos municipal. Animávosmos a que experimentedes a elaborar as receitas: así podedes aproveitar para sacarlle fotos para ilustrar o receptario.

# LITERATURA DE CORDEL



## Para saber máis

A tradición de cantar relatos, contos, noticias... é practicamente extensible a todas as culturas do mundo. En Galicia, o máis usual era que fosen as persoas cegas as que interpretasen os chamados "romances de cego" ao compás da zanfoña ou violín, e vendesen a denominada "literatura de cordel": as súas cancións e coplas impresas en papel de cores que penduraban en cordeis. Acompañábanos criado ou criada, que tamén podían participar dialogando nos cantos, manipulando monicreques, con instrumentos de percusión ou a manexar a chamada "maltraña", un grande lenzo coas escenas do feito narrado pintadas.

**O seu traballo era itinerante e visitaban as aldeas, feiras, festas e mercados en busca de público.**

**“A literatura de cordel que se vendía aquí foi o primeiro xornal para moitas persoas. Había desde versións reducidas de clásicos da literatura ata historias de crimes nos que primaban elementos truculentos. E tamén se vendían versións impresas de cantares de cegos nos que se contaban crimes e sucedidos”.**

[Extracto deste artigo: <http://culturagalega.gal/noticia.php?id=24821>]

**Artigo do Consello da Cultura Galega.**





**Escollede** algún acontecemento de impacto na vosa contorna e contádeo en verso.

Aquí tedes unhas pistas para facelo.



Logo, **facede os deseños** para ilustrar a historia a modo de prego de cordel.

Aquí tedes algúns pregos de cordel nos que inspirarvos.



Tamén podedes escoller algún **desta web** ou do **APOI do Museo do Pobo Galego** e facer os deseños inspirándovos en vellos pregos de cordel ou botando man da técnica da banda deseñada.



Co resultado podedes animarvos a **facer unha actuación** nunha feira, festa ou praza da vila na que posteriormente vendades os pregos de cordel creados.



Para realizar as intervencións artísticas podedes  
**inspirarvos nas seguintes propostas :**

Luís Caruncho: "O cego de Matamá"

Espectáculo de rúa "O cego na feira",  
con Oli Xiráldez e Gustavo Couto

Repertorio do grupo musical "Tundal"

"O cego dos monifates"  
da compañía Viravolta Títeres

Antón Castro coa súa palestra didáctica  
"Literaturas de cego"

"Francisco do Romualdo"





**CADA QUEN  
CONTA SEGUNDO  
LLE FOI NA FEIRA**



**Para saber máis**

**As feiras son eventos onde teñen lugar transaccións comerciais de todo tipo. As vendedoras ofrecen os seus produtos, que van desde bens materiais de diversa índole, animais de cría, excedentes agrícolas, produtos artesanais, plantas e sementes, ferramentas, produtos alimentarios... ata espectáculos artísticos e ofertas gastronómicas, a potenciais paseantes compradores.**



## Montemos unha feira!

Cada quen terá que **pensar que produto pode ofrecer** e este pode ser material ou non (produtos de elaboración manual, produtos alimentarios, prendas ou obxectos que xa non uses, facer amaños, intervencións artísticas á gorra, obras artísticas...).

Para poder mercadear nesta feira teredes **unha moeda propia que teredes que crear e bautizar**. Por poñer un posto na feira darásevos un saldo de benvida e co salario resultante das vosas vendas poderedes mercar nos outros postos da feira.

As feiras repítense semanal, mensual ou anualmente en días concretos: pensade ben cando implementades a primeira e **decidide que criterios seguir para marcar as vindeiras edicións**.

# FEIRANTAS



**Buscade** na vosa contorna oficios propios das feiras (tratantes, rosquilleiras, churreiras, artesáns, vendedores ambulantes de produtos variados...).



**Entrevistádeas** preguntando como é a vida indo de feira en feira e gravádeas cun *smartphone*. Ou tamén podedes ir directamente a unha feira e facelo *in situ*. Cos vídeos resultantes, argallade unha **feira virtual** na que en cada posto atopemos unha persoa que nos conte a súa experiencia vital como feiranta.



Tamén podedes aproveitar para preguntar polas feiras que se realizan pola vosa contorna e **facer un mapa e calendario** para a posta a disposición na rede para que ninguén perda unha feira no mes.

**RECURSOS**



**Para saber aún más**

**Sitios webs, publicaciones e  
selección bibliográfica**



### **Feira da Bandeira:**

[http://www.turismosilleda.es/feria\\_dabende.php](http://www.turismosilleda.es/feria_dabende.php)

<http://www.bandeira.org/historia/historiacas.htm>

<http://www.bandeira.org/festas/artigo%20feira.htm>



### **O oficio da polbeira:**

<https://www.festadopulpodocarballino.com/gl/o-oficio/>



### **Feiras:**

<http://arquivosdegalicia.xunta.gal/export/sites/default/arquivo-historico-provincial-de-lugo/content/actividades/exposiciones/Triptico-sin-marcas.pdf>

<http://culturagalega.gal/noticia.php?id=24821>

**Publicación feita por Xandobela | Educación e Cultura  
ao abeiro do Fondo de proxectos culturais Xacobeo 2021  
da Xunta de Galicia**

**AUTORAS:**

María Jesús (Chus) Caramés Agra e Nerea Couselo Fernández.  
Decembro 2020.

**MÁIS INFORMACIÓN:**

<http://xandobela.info/>

<https://www.proxectotesourosvivos.gal/>

[info@xandobela.info](mailto:info@xandobela.info)





XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia